

**PLAN DE CONTINXENCIA
DO CENTRO EDUCATIVO
NO CURSO 2020-2021**



O Plan de Continxencia do centro educativo C.E.I.P. A Carballeira de Lourizán, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada grupo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo (Obrigatorio de 3º a 6º de Educación primaria. No resto dos niveis poderán utilizarse estas ou outros medios e canles alternativas para a atención do alumnado e comunicación coas familias) O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

QUE FACER SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Ademais, habilitará na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente ao alumnado de menor idade, a través da aula virtual.

ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

Pasos:

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.

- Plataforma de videoconferencia institucional (Falemos ou Webex) que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo

2. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo

3. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso

CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou tutores legais das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

CONTROL DE ASISTENCIA

Establecerase diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais (XADE)

CONTROL DA AVALIACIÓN

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para as familias

DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS

- ♣ O mesmo día do peche o centro afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do colexio.
- ♣ Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro recollerá todos os equipos cedidos.

SITUACIÓNS QUE SE POIDAN PRODUCIR NO ENSINO TELEMÁTICO

- Non conexión do alumnado será considerada como una falta de asistencia dun día completo a non conexión do alumnado na data e hora prevista.
- Procedemento de conexión/desconexión das sesións a distancia O alumnado deberá conectarse ás sesión de video-ensino na data e hora da que previamente será informado polas/os seus titoras/es, salvo causa de forza maior.

- Conductas prexudiciais do alumnado durante as clases virtuais As conductas disruptivas durante as clases virtuais serán consideradas como unha falta leve, suporán a inmediata expulsión da sesión e, de persistir nas mesmas, será considerada como una falta grave contra a convivencia.
- Mal uso das tecnoloxías O mal uso das tecnoloxías durante as clases virtuais e fora destas, na utilización dos equipos informáticos do centro, serán consideradas como una falta leve, de persistir nas mesmas, será considerada como una falta grave contra a convivencia..

HORARIOS ESPELLO PARA O CASO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE ACADÉMICA PRESENCIAL OU CONFINAMENTO

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|------------|------------|-------------|-------------|
| 09:00-09:30 | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Matemát. |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | L. Castelá | Música | L. Castelá | C. Naturais | L. Castelá |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | C. Sociais | L. Castelá | E. Física | C. Sociais | Inglés |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | L. Galega | Inglés | L. Galega | L. Galega | C. Naturais |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | E. Física | L. Galega | C. Sociais | Rel/VSC | Plástica |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|-------------|------------|------------|------------|
| 09:00-09:30 | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Inglés |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | E. Física | L. Castelá | L. Castelá | L. Castelá | Matemát. |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | L. Galega | L. Galega | L. Galega | Rel/VSC | E. Física |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | C. Naturais | C. Naturais | Música | L. Galega | L. Castelá |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | Rel/VSC | C. Sociais | Inglés | C. Sociais | Plástica |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|-------------|------------|------------|------------|
| 09:00-09:30 | Inglés | Matemát. | Inglés | Matemát. | Matemát. |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | Matemát. | E. Física | L. Castelá | Rel/VSC | L. Castelá |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | C. Naturais | L. Castelá | L. Galega | Inglés | L. Galega |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | E. Física | L. Galega | C. Sociais | L. Castelá | Música |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | C. Sociais | C. Naturais | Plástica | L. Galega | C. Sociais |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|------------|-------------|------------|-------------|
| 09:00-09:30 | L. Castelá | Matemát. | L. Castelá | L. Galega | L. Galega |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | L. Galega | Inglés | Matemát. | Matemát. | Matemát. |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | E. Física | Música | Inglés | L. Castelá | C. Sociais |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | Rel/VSC | L. Castelá | C. Naturais | Inglés | E. Física |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | C. Sociais | Plástica | L. Galega | Robótica | C. Naturais |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|------------|-------------|------------|-------------|
| 09:00-09:30 | Matemát. | Inglés | Matemát. | Matemát. | Matemát. |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | Rel/VSC | Matemát. | Música | L. Castelá | L. Castelá |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | L. Castelá | L. Castelá | L. Galega | L. Galega | C. Naturais |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | Inglés | L. Galega | C. Naturais | C. Sociais | Plástica |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | L. Galega | E. Física | C. Sociais | E. Física | Inglés |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------------------------|-------------|-------------|------------|------------|
| 09:00-09:30 | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Matemát. | Matemát. |
| 09:30-09:50 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 09:50-10:20 | L. Castelá | L. Castelá | L. Galega | Inglés | Inglés |
| 10:20-10:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 10:40-11:20 | Rel/VSC | L. Galega | Música | L. Castelá | L. Galega |
| 11:20-11:40 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 11:40-12:10 | DESCANSO | | | | |
| 12:10-12:40 | C. Sociais | C. Sociais | C. Naturais | E. Física | C. Sociais |
| 12:40-13:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |
| 13:00-13:30 | Inglés | C. Naturais | E. Física | Robótica | Plástica |
| 13:30-14:00 | REALIZACIÓN DE TAREFAS | | | | |

O equipo Covid traslada aos titores/as unha folla de rexistro para cotexar que ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento. Para recoller esa información, empregaremos estes medios:

- Nas reunións iniciais de nivel.
- Mediante notas na axenda
- Chamadas de teléfono Unha vez obtidos esos datos, darase traslado a Consellería do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados .

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Posta en funcionamento da aula virtual do centro con contidos axeitados para cada nivel educativo.
- b) Reparto de material impreso polos medios axeitados ao alumnado con problemas de conexión a Internet.
- c) Manter comunicación co alumnado e familias mediante as aplicación: Abalar, Edixgal e Webex, así como correo electrónico, chamadas telefónicas e páxina WEB do centro.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

ANEXO I

COMUNICACIÓN DE PROBLEMAS DE CONEXIÓN A INTERNET E CARENCIA DE EQUIPAMENTO DO ALUMNADO

ALUMNO/A _____

CURSO _____

| | SI | NO |
|---------------------|----|----|
| CONEXIÓN A INTERNET | | |
| TELÉFONO MÓBIL | | |
| TABLET | | |
| ORDENADOR | | |

OBSERVACIÓNS:

MESTRE/A _____

PONTEVEDRA A _____ DE _____ DE 2020

ASDO: